
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS
DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES, DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2014**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:45 horas do xoves día 16 de outubro de 2014 coa seguinte orde do día:

- 1) Aprobación de Actas
- 2) Informe do Director
- 3) Asignación de becarios da Escola
- 4) Asignación de Espazos na Escola
- 5) Solicitudes de Inversións da Escola
- 6) Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Domínguez Pérez	Xabier
Herrador Barrios	Manuel F.
Jurado Albarracín Martín	José Ángel
Martínez Abella	Fernando
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Rodríguez-Vellando	Fernández- Pablo
Carvajal	

ESTUDANTES

Espasandín Lacalle	Raúl
Gómez Meijide	Breixo

PERSONAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

EXCUSAN

Galán Díaz	Juan José
------------	-----------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Aprobación de Actas

Intervén o profesor Manuel Casteleiro indicando que a redacción da acta no apartado 3 no parágrafo que recolle a súa intervención non se entende correctamente. El referíase á zona de despachos onde se ubican os profesores de proxectos e que están na zona de aulas da Escola, na planta baixa. Aclarase a redacción deste apartado.

Apróbase a acta cos cambios acordados.

2. Informe do Director

Comeza o seu informe falando da adxudicación de prazas de profesorado, todas elas na figura de contratado interino de substitución. Por un lado, na área de enxeñaría hidráulica, incorporouse a Sra María Bermúdez, por outro lado vinculadas ó Máster de Enxeñaría da Auga houbo outras dúas incorporacións: as Sras. Ana Vázquez e Acacia Naves. Respecto a persoal de administración e servizos, o Director informa dos cambios que sucederon na RPT do persoal de administración e servizos trala resolución da convocatoria de traslados. Os cambios serían os seguintes, por José Antonio Díaz incorporárase Pilar Cruz, no lugar de Alejandro Arévalo, Julia Vázquez, no posto de Silvia Pintos, Cathaysa Rivas, e por último, por Lucía Lorenzo, Valvanera Núñez. Na Biblioteca tamén houbo cambios, no lugar de Candina Gómez está María Pilar Velasco e por Rosa Vences, Alicia Franco. O Director desexa expresar, e así quere que conste, o seu agradecemento polo traballo realizado durante estes anos ás persoas que se trasladan e tamén a súa benvida ás persoas que se incorporan ó centro.

Continúa o informe cos datos de novo ingreso, non se trata aínda de datos definitivos. No grado de Enxeñaría de Obras Públicas habería 44 alumnos inscritos e no caso do grao de Tecnoloxía da Enxeñaría Civil 40. No que respecta ó Mestrado de Enxeñaría de Camiños, C e P, nese momento hai 20 estudantes, sen embargo estase co 3º prazo de matrícula e faltaría o cuarto. Intervén o estudante Raúl Espasandín indicando que na clase hai 33 estudantes de maneira habitual, resposta o Director dicindo que son estudantes que están co TFG e que se matricularán nun prazo posterior. Neste punto intervén o profesor Manuel Herrador consultando polas universidades de orixe dos matriculados no mestrado, resposta o Director que ata ese momento todos son estudantes da Escola.

O seguinte tema que se trata é a situación do edificio da área científica, sobre o que o Director comenta que a incorporación do mobiliario está a ser lenta, pero esperase que se complete durante ese mes.

Prosegue o informe con información das enquisas do curso 2013/2014, intervén neste punto o profesor José París explicando que se detectou unha incidencia importante. Este profesor explica que houbo un erro que produciu a destrución das enquisas do primeiro cuatrimestre de 2013/2014. O fallo sucedeu nunha limpeza de documentación, que fixo que estas enquisas se destruíran de maneira conxunta coas do curso 2012/2013 que xa estaban procesadas.

O profesor Alfonso Orro sinala que se debería actualizar a lista de teléfonos de profesores que se elabora desde a Escola. Resposta o Director indicando que se está á espera de que se pechen as reubicacións de profesores para actualizala. Engade o profesor Alfonso Orro que sería tamén importante ter os nomes do PAS en cada posto, non solo o nome do servizo.

3. Asignación de becarios da Escola

Intervén o profesor Luis Pena, indicando que a UdC concede becas para tres estudantes para a Escola, para a que se preparou unha proposta de reparto entre os laboratorios que ten en conta a asignación dos anos anteriores e as necesidades de cada laboratorio. Presentase por tanto a proposta de asignación, que sería a seguinte:

Estudiante	1º Cuadrimestre	2º Cuadrimestre
Manuel López Sampayo	L. Hidráulica (Luis Pena)	L. Portos e Costas (Enrique. Peña)
David Álvarez Diñeiro	L. Cálculo Numérico (José París)	L. Camiños (Ignacio Pérez)
Andrea Muñoz Ibáñez	L. Enxeñaría do Terreo (Jordi Delgado)	L. Construcción (Fernando Martínez)

Neste punto intervén o estudante Breixo Gómez preguntando cando se incorpora ó Laboratorio de Camiños o estudante. Responde o profesor Luis Pena que no segundo cuadrimestre.

Apróbase

4. Asignación de Espazos na Escola

Inclúese este punto na orde do día por varias razóns, por un lado a petición que se recibiu da Área de Enxeñaría da Construción pedindo que se asignara, se fose posible, un despacho que non fora no edificio da área científica e si no edificio da Escola.

Por outra banda, quedou libre o despacho D3, dos profesores de física e asignárase ese despacho á área de Enxeñaría da Construción e, polo tanto, ese despacho novo da Área Científica á Área de proxectos. Indica o Director que agora comparten o mesmo espazo un total de 9 profesores. Nese mesmo edificio hai unha aula asignada a proxectos, polo que ten sentido a asociación.

Outra cuestión refírese a unha petición do profesor Javier Samper de que se habilite un espazo para gardar e clasificar os documentos do seu grupo que están no almacén da Escola. O Director propón habilitar unha zona do despacho D6 na planta baixa do edificio que se podería usar para ubicar esa información.

Apróbase.

5. Solicitudes de Inversións da Escola

O Director presenta e explica as solicitudes recibidas e unha proposta de asignación dos fondos. O Director vai detallando as peticións que se foron recibindo por cada un dos laboratorios. Vai desglosando tamén cada petición e que parte dela se propón que se financie desde a Escola, tamén comenta que algún grupo de investigación está disposto a cofinanciar os equipamentos.

Apróbase

6. Quenda aberta de palabra

Intervén o profesor Manuel Casteleiro sinalando que está empezando a haber problemas no movemento internacional dos nosos estudantes. Sinala que agora mesmo en todo o mundo se utiliza o GPA e que hai unhas táboas de conversión. Sen embargo, todas estas conversións fan que os nosos estudantes se sitúen moi abaixo no ránking. Un 7, que é unha boa nota, sae cunha correspondencia moi baixa no GPA.

Continúa o profesor Manuel Casteleiro tratando o tema da Avaliación por Compensación, cando se aprobou esta normativa en esta universidade o fin era que, ante as materias tapón, os bos estudantes, tiveran unha saída que non entorpecera o seu progreso. Actualmente, con terse presentado dúas veces xa se pode solicitar independentemente das notas obtidas, que poden ser dous ceros. No caso da Escola o 80% da nota media da promoción é menos que 5, e como a nota mínima é 5, isto fai que todos os estudantes poidan pedila. Tradúcese en se pode superar unha materia gratuitamente, sen nin sequera ter que cursala. Academicamente non ten ningunha función.

Resposta o Director indicando que el mesmo está preparando unha carta á Reitoría sobre este mesmo tema expoñendo o problema e solicitando a modificación do regulamento.

O sentir da comisión Permanente é de apoio para solucionar este tema.

Intervén o profesor Fernando Martínez dicindo que o Valedor Universitario podería ser un bo organismo ó que se pode apelar. Aceptase mandar copia do escrito que prepare o Director.

Intervén o estudante Breixo Gómez, preguntando que sucederá cos bolseiros que están na planta baixa. Reposta o Director que non haberá cambios ata que estea completamente operativo o edificio da área científica.

Pregunta o profesor Alfonso Orro sobre como se resolveu o tema do inglés. Resposta o Director explicando que os estudantes que tiveron este problema teñen a matrícula pendente ata que presentan o certificado B2. Fóronse estirando todos os prazos de matrícula para dar cabida a estes e outros casos. Intervén o profesor Manuel Casteleiro, indicando que en outras institucións o B2 é preciso telo para a obtención do título de grado, non para o acceso ó Máster como nesta Escola.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:42 do 16 de outubro de 2014.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico